



# Avanzando cara a un ECOSISTEMA de INNOVACIÓN SOCIAL DIXITAL en Galicia

Mapa de Innovación Social Dixital ISD

Edita:  
Xunta de Galicia  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano: 2017

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain  
Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

# INDICE

---

1. Introducción
2. A relevancia dos procesos de Innovación Social Dixital
3. A Innovación Social Dixital no contexto das políticas públicas
4. Mapa de Innovación Social Dixital de Galicia
  - 4.1. Metodoloxía
  - 4.2. Iniciativas de Innovación Social Dixital en Galicia
    - Novas formas de fabricación
    - Redes de sensibilización
    - Economía colaborativa
    - Democracia aberta
    - Acceso aberto
    - Financiamento, aceleración e incubación



# 1. INTRODUCCIÓN

# INTRODUCCIÓN

A Innovación Social é unha tendencia en auge. Consiste en utilizar as capacidades da poboación para desenvolver e implementar novas ideas co fin de satisfacer as necesidades sociais e provocar os cambios de comportamento necesarios para resolver os principais retos da sociedade, como o cambio climático, a saúde ou o envellecemento da poboación. Ademais, as innovacións sociais empoderan á cidadanía e crean **novas relacións sociais e modelos de colaboración, posibilitando mellores resultados** e contribuíndo así, a incrementar a capacidade de actuación das persoas.

Nunha contorna como a actual, caracterizada polo incremento do uso e aplicación das novas tecnoloxías dixitais, podería dicirse que todas as organizacións que traballan en proxectos de Innovación Social xa as empregan dunha ou outra forma. Mais o concepto de Innovación Social Dixital implica unhas características concretas.


**Innovación Social Dixital** promove proxectos enfocados dende as comunidades de base, que utilizan as ferramentas dixitais de maneira disruptiva para conseguir un impacto social positivo e crean un efecto multiplicador a través da colaboración en rede.

En Galicia, conscientes das oportunidades que brinda asúmese a través da Axenda Dixital de Galicia (ADG2020) o obxectivo de contribuír á resolución dos desafíos sociais a través do impulso da Innovación Social, fomentando entre o colectivo de poboación tecnoloxicamente máis avanzado, as habilidades necesarias para participar activamente nos procesos de innovación social dixital.

Con todo, trátase dun campo emerxente sobre o que existe un limitado coñecemento en termos de cales son as persoas e organizacións que participan no mesmo, así como o tipo de actividades que desenvolven para apoiar o proceso de

Innovación Social Dixital (en diante ISD) e como empregan as ferramentas dixitais ao servizo da transformación social.

A este respecto, o obxecto deste estudo é caracterizar os ámbitos de traballo das organizacións e iniciativas de innovación social baseadas nas TIC que se están a desenvolver en Galicia, co fin último de fomentar sinerxías que permitan aumentar as súas capacidades e contribuír así, á consolidación dun ecosistema de Innovación Social Dixital en Galicia forte e dinámico.







## 2. A RELEVANCIA DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN SOCIAL DIXITAL

“A **Innovación Social** pode definirse como o desenvolvemento e a aplicación de novas ideas (produtos, servizos e modelos) para cubrir as necesidades sociais e establecer novas relacións ou colaboracións sociais; é unha innovación social tanto nos fins como nos medios. O proceso de innovación social caracterízase pola participación de axentes do sector público, empresas, organizacións da sociedade civil, comunidades locais e a poboación.”<sup>1</sup>



Que é a  
**Innovación  
Social Dixital** ?

*“A **Innovación Social Dixital** é un tipo de innovación social e colaborativa na que os **innovadores**, os **usuarios**, e **comunidades** colaboran utilizando as **tecnoloxías dixitais** para **cocrear** coñecemento e solucións para unha ampla gama de **necesidades sociais** e nunha escala e velocidade que era **inimaxinable antes do auxe de Internet**”*

Fonte: GROWING A DIGITAL SOCIAL INNOVATION ECOSYSTEM FOR EUROPE DSI FINAL REPORT, Comisión Europea, Ano 2015



DIGITAL —  
— SOCIAL  
INNOVATION

<sup>1</sup> Fonte: INNOVACIÓN SOCIAL E EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA. SOCIAL BUSINESS IN PROGRESS.

# Que implica a Innovación Social Dixital?



Proxectos impulsados desde as **comunidades de base** ou comunidades “*bottom-up*” de usuarios.



Adoptan as **tendencias tecnolóxicas de forma novedosa**. Adoptan, usan ou experimentan con combinacións innovadoras destas tendencias apoiándose nas redes e comunidades sociais.



Teñen un **impacto social**, os resultados destes proxectos exceden a avaliación en termos de PIB e os indicadores de éxito tradicionais.



Demostran un claro **efecto multiplicador** a través da colaboración en rede, xa que se volven máis potentes canto máis xente os emprega.





**Obxectivo  
da ISD**

**Vantaxes que  
ofrece a ISD**

Explotar o **potencial de colaboración** que ofrecen as redes (de persoas, coñecemento e cousas conectadas) potenciando a **intelixencia colectiva das comunidades para abordar os retos sociais.**

Permite que aparezan iniciativas innovadoras e aumenta a **capacidade da sociedade para innovar** contribuindo tamén á **cohesión social.**

A **dixitalización** fai máis sinxelo o contacto entre os afectados e os interesados, permitindo a participación de todos os colectivos para crear en común coñecementos ou solucións.

A ISD permite que o progreso económico vaia acompañado de progreso social e que a diversidade de colaboradores garanta a **implicación da sociedade**, co que se logra un traballo continuo na innovación polo desenvolvemento.

# Impacto da **Innovación Social Dixital** na resolución de retos sociais

## INNOVACIÓNS

- Axilidade na maneira de traballar
- Fomento das TIC ao servizo do ben común

## COLECTIVIDADE

- Trabállase dende o interior mesmo da sociedade
- Participación activa das persoas e os colectivos
- Fomento da intelixencia colectiva

## RESPONSABILIDADE

- Reparto da responsabilidade entre todos os membros da sociedade
- Integración dos diferentes organismos na participación dos proxectos
- Redución de custos tanto públicos como privados

# Ámbitos da sociedade nos que pode incidir a **Innovación Social Dixital**



Sanidade e Benestar



Finanzas e Economía



Enerxía e Medio ambiente



Participación e Democracia



Servizos públicos intelixentes



Ciencia e Tecnoloxía



Educación e Capacitación



Cultura e Turismo



Traballo e Emprego

# 3. A INNOVACIÓN SOCIAL DIXITAL NO CONTEXTO DAS POLÍTICAS PÚBLICAS


# Ámbito europeo

A relevancia que se atribúe á Innovación Social Dixital no contexto europeo queda patente coa súa presenza en **Europa 2020**, a estratexia de crecemento que lidera a Comisión Europea para avanzar cara a unha economía intelixente, sostible e integradora, que aposta pola **innovación social como motor de cambio e unha das vías a explorar para acadar os seus obxectivos** en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

Para iso, a iniciativa emblemática de Europa 2020 **“Unión pola innovación”**<sup>1</sup> destaca o fomento da innovación social como unha das medidas prioritarias que axudarán a mellorar a competitividade da economía europea, sinalándoa como unha panca determinante para aumentar os beneficios sociais e avoga pola intensificación dos apoios e esforzos en torno a este campo.

Por outra banda, a iniciativa emblemática de Europa 2020 **“Axenda Dixital para Europa”**<sup>2</sup> recoñece o papel das TIC para afrontar os retos que ten formulados a sociedade, tales como o cambio climático ou o envellecemento da poboación. Deste xeito, a suma de ambas recomendacións vincúlase á innovación social dixital.

E en consecuencia, o papel estratéxico da innovación social na prestación de **Europa2020** reflíctese no **novo marco de financiamento comunitario 2014 - 2020**, tanto a través do **Programa Marco Horizonte2020** para o financiamento de actividades de I+D+i, como da política de cohesión rexional a través dos **Fondos Estruturais** (FEDER e FSE).



(1) Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Iniciativa emblemática de Europa 2020 Unión por la innovación. COM(2010) 546 final.

(2) Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Una Agenda Digital para Europa. COM(2010) 245 final/2.



# Ámbito rexional


O Goberno galego consciente da crecente importancia da innovación social, tanto polo seu papel fundamental de cara a dar resposta aos retos sociais como pola súa contribución ao desenvolvemento da cidadanía e á mellora da súa calidade de vida, introduce esta noción na súa estratexia tecnolóxica, a **Axenda Dixital de Galicia 2020**.

Así, a súa liña estratéxica de **Énfase na vida dixital**, que ten entre os seus obxectivos o de acadar unha cidadanía mellor preparada para participar na construción da economía dixital, recolle o desafío de avanzar **Da Alfabetización á Autonomía Dixital** formulado baixo a premisa de acadar unha sociedade que non só empregue as novas tecnoloxías, senón que constrúa coñecemento e o aproveite para producir novas ideas.

Para facer fronte a este desafío, Galicia conta co **Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020** configurado como o instrumento para conseguir non só a alfabetización dixital e a evolución do nivel de madurez dixital da sociedade senón tamén **promover o potencial das TIC como motor da mellora da sociedade**.



O Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 contempla medidas en torno a tres eixos: no ámbito da alfabetización dixital, da capacitación dixital e da innovación social dixital e participativa. Este último, orientado a fomentar entre o colectivo de poboación tecnoloxicamente máis avanzado as habilidades necesarias para participar activamente nos procesos de Innovación Social Dixital, entendida como o desenvolvemento e aplicación das TIC para cubrir necesidades sociais, e establecer novas relacións ou colaboracións sociais a través da colaboración en rede.



A este respecto, no marco das actuacións do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, no 2015 púxose en marcha o proxecto “**CeMIT-Innova: Fomento da innovación social dixital**”. Esta iniciativa impulsa en Galicia, co soporte da Rede de Aulas CeMIT, actividades para o fomento da participación en procesos de Innovación Social Dixital dirixidas a involucrar e estimular a resolución de retos sociais mediante as novas tecnoloxías por parte da poboación.

Estas actuacións están dando xa os primeiros resultados, coa posta en marcha de distintos **proxectos** para o desenvolvemento de novas iniciativas dixitais no ámbito da ISD. Os proxectos seleccionados céntranse no impulso do envellecemento activo, da empregabilidade, do comercio, da cultura e turismo locais e na integración social de determinados colectivos.



O primeiro paso da iniciativa foi a creación dunha **comunidade virtual** na que os responsables das aulas poden **compartir experiencias e formular proxectos** concretos de innovación social. Por outra parte, as aulas como epicentro da iniciativa, convértense en lugares de **diálogo e debate cidadán** onde se realizan talleres de traballo locais para a **detección de necesidades sociais** da contorna que se poidan resolver con proxectos de Innovación Social Dixital.

En 2015, foron 9 as aulas seleccionadas para participar neste proxecto en función da súa proposta de proxecto de Innovación Social Dixital. No 2016 desenvolveuse unha segunda edición, coa participación doutras 9 aulas, e deuse continuidade aos proxectos iniciados o ano anterior. Deste xeito, xa son 18 as aulas a disposición da cidadanía para a poñer en común inquietudes, identificar desafíos sociais e darlles unha resposta colectiva.

En definitiva, estase xestando o **modelo futuro de sociedade** apoiado nunha nova forma de **identificar e atender os retos sociais** que afronta Galicia. Un enfoque que se basea na **reflexión compartida** acerca destes desafíos e a **procura de solucións de forma colaborativa**, xerando **valor e novos coñecementos** en beneficio do conxunto da cidadanía.



# 4. MAPA DE INNOVACIÓN SOCIAL DIXITAL DE GALICIA

# 4.1. Metodoloxía

A metodoloxía para a realización do “Mapa de Innovación Social Dixital de Galicia” está inspirada no informe *Growing a digital social innovation ecosystem for Europe DSI final report*, da Comisión Europea, que analiza o ecosistema de Innovación Social Dixital a nivel europeo.

Neste senso, a Comisión Europea considera que as organizacións e proxectos de ISD poden agruparse en seis ámbitos temáticos que capturan a forma en que a ISD está crecendo e se desenvolve:

- Redes de sensibilización
- Democracia aberta
- Acceso aberto
- Novas formas de creación
- Economía colaborativa
- Financiamento, aceleración e incubación

Deste xeito, a efectos do presente informe considéranse os seis ámbitos identificados, que dan conta do impacto que xeran en cada fase da cadea de valor para a posta en marcha de solucións ISD, dende a súa contribución á identificación da idea, como ao deseño ou produción e por último, ao seu desenvolvemento.

Así, as actividades que promoven redes de sensibilización, fomentan a democracia aberta ou o acceso aberto aos datos servirán para contribuír á identificación de ideas e/ou xestación de proxectos de ISD, mentres que as actividades orientadas a promover novas formas de creación servirán para impulsar cambios nos procesos de deseño e produción das solucións de ISD. Finalmente, as iniciativas que promoven a economía colaborativa, o financiamento, aceleración e a incubación de proxectos servirán para contribuír ao éxito do desenvolvemento das solucións ISD resultantes.

# Ámbitos de traballo da Innovación Social Dixital

Unha gama de **INCUBADORAS, ACELERADORAS, PLANS DE INVESTIMENTO DE IMPACTO** son establecidos por financiadores públicos e privados para apoiar proxectos de **ISD**, a través de **apoio financeiro** así como de acceso a **espazos de coworking, apoio empresarial e redes de mentores**.

**NOVOS MODELOS DE NEGOCIO COLABORATIVOS** que presentan características novidosas e que mediante plataformas dixitais permiten ás persoas **intercambiar e compartir habilidades, coñecementos, recursos, etc.** baseándose na reputación e a confianza.

Un ecosistema de fabricantes está revolucionando o **DESEÑO E A FABRICACIÓN ABERTA**. As novas tecnoloxías facilitan aos innovadores un mellor acceso ás ferramentas, produtos, habilidades e capacidades que necesitan para mellorar a creación colaborativa.

As comunidades agora son capaces de agregar datos provenientes de persoas e da contorna co fin de crear unha nova xeración de produtos e servizos. As **REDES DE SENSIBILIZACIÓN**, mediante accións de difusión ou compartición de boas prácticas, utilízanse para **fomentar a identificación de ideas que contribúan a resolver retos sociais ou mobilizar accións colectivas para o seu desenvolvemento**.

A **DEMOCRACIA ABERTA** está transformando os modelos tradicionais de democracia representativa. A tecnoloxía dixital facilita a participación colectiva a gran escala para **permitir á cidadanía participar en procesos de toma de decisións, deliberación colectiva e mobilización masiva**.

O enfoque do **ECOSISTEMA DE ACCESO ABERTO** (incluíndo o acceso aberto aos contidos, os estándares abertos, e a transparencia) ten o potencial de **capacitar á cidadanía e aumentar a participación**, preservando ao mesmo tempo a apertura e accesibilidade á información.



Neste senso, para levar a cabo o proceso de identificación, selección e caracterización das distintas iniciativas e proxectos de **ISD galegas** nos devanditos ámbitos antes mencionados, contouse coa participación dunha mostra representativa de axentes pertencentes a distintos colectivos do ecosistema da **ISD** na rexión:

- Entidades do terceiro sector (Asociacións culturais, ONGs, Fundacións, etc.)
- Tecido empresarial (Start-ups, Empresas, etc.)
- Institucións de investigación e educativas (Universidades, Institutos, Colexios, etc.)
- Administracións públicas (Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos)

Deste xeito, para a **identificación de iniciativas e obtención de datos asociados**, desenvolveuse un formulario online orientado a destacar os trazos máis característicos das iniciativas para **establecer así a súa vinculación cos distintos ámbitos de traballo da ISD e proceder á súa inclusión no mapa**. Ademais, optouse polo contacto telefónico para complementar os datos achegados e ofrecer unha canle alternativa ao cuestionario web.


O resultado consiste nunha **mostra do traballo que están a desenvolver un relevante grupo de axentes da ISD** en Galicia caracterizando e exemplificando algunhas das solucións e enfoques máis representativos.



## 4.2. Iniciativas de Innovación social dixital en Galicia

A continuación, afóndase na definición dos ámbitos de traballo de ISD en Galicia de cara a mellorar a comprensión acerca de como contribúen aos procesos ISD así como as relacións entre elas.

Ademais, para cada un dos ámbitos identificados recóllese unha mostra de iniciativas xa desenvoltas ou que están en funcionamento en Galicia, acompañadas dos resultados máis relevantes acadados co obxectivo de ilustrar o impacto das mesmas no territorio galego.





## Redes de sensibilización

*Promover experiencias de difusión das necesidades sociais ou de compartición de boas prácticas capaces de servir de inspiración para a **identificación de ideas e/ou xestión de proxectos ISD** que permitan dar resposta a retos sociais dun xeito colaborativo.*

# Redes de sensibilización

A primeira fase cara ao desenvolvemento dunha iniciativa de ISD implica un proceso de **procura, identificación e proposta de ideas** que permita atopar a mellor forma dar resposta aos desafíos sociais que afronta unha comunidade. Estas ideas poden provir distintas fontes, como por exemplo, a propia cidadanía, os usuarios dun servizo, a adaptación dunha idea dun campo ou sector a outro, etc.

A este respecto, as novas tecnoloxías constitúen unha potente ferramenta para conseguir canalizar este fluxo de ideas e así mellorar as posibilidades de chegar a unha solución óptima. Ademais, as novas canles habilitadas grazas ás TIC melloran en gran medida as posibilidades de involucrar a un maior número de persoas e así optimizar os resultados acadados con este proceso.

Algunhas destas actuacións están especificamente deseñadas para aproveitar ao máximo o potencial da cidadanía para imaxinar e concibir ideas, de forma que xorden iniciativas que impulsan a intelixencia colectiva propiciando a colaboración e a captura dos distintos puntos de vista e enfoques cara á resolución de problemas.

Neste eido, en Galicia impulsado pola Amtega arrincaba no 2015 o **proxecto CeMIT - Innova**. Un proxecto que transforma as aulas CeMIT en espazos catalizadores da innovación, capaces de provocar e xerar as



conexións necesarias que dean como froito unha proposta de ISD respondendo ás necesidades e desafíos concretos do territorio.

## CeMIT Innova

Desde a súa posta en marcha, CeMIT-Innova contribúe ao proceso de innovación social dixital co impulso de espazos colaborativos onde a cidadanía pode poñer en común inquietudes, identificar desafíos sociais e darlles respostas colectivas a través das TIC.

Así, estase a impulsar un novo modelo de relación social en Galicia, no que as aulas da rede CeMIT, como lugares acolledores e equipados tecnoloxicamente, se convierten en puntos de encontro para o cambio.



Do mesmo xeito, o **Centro de Innovación Social Dixital La Molinera** permite conectar a cidadanía, emprendedores, PeMEs, startups e administracións públicas poñendo á súa disposición espazos que, conxugados cos recursos axeitados, apoian á comunidade no seu avance cara a sociedade da información.



## Centro de Innovación Social La Molinera


Este centro impulsado polo concello de Ourense, e posto en marcha no 2016, ofrece unha espazo físico que actúa como punto de encontro para os distintos axentes da comunidade e alberga distintas actividades orientadas a potenciar as súas capacidades.

Desta forma, *La Molinera* configúrase como elemento dinamizador e promotor da creatividade, tanto desde o punto de vista persoal como profesional para os seus usuarios, e como unha xanela aberta á innovación, a creatividade e a incorporación das tecnoloxías.

A filosofía de portas abertas de *La Molinera* busca tamén que a planificación de actividades parta da participación e as propostas achegadas pola cidadanía.

As actividades programadas inclúen distintos talleres e sesións, algúns deles continuos no tempo como o programa *Xoves inspiradores* orientado á mocidade. Asemade, o centro aloxa a aula CeMIT que conta cun elevado nivel de actividades a prol da alfabetización e inclusión dixital.

Ademais, conta con proxectos como “*La Akademia*”, un proxecto educativo que desenvolve o potencial dos máis novos pioneiro en Galicia ou o *Programa Go2Work* da EOI que apoia proxectos emprendedores.



Pola súa banda, con vocación de afrontar o desafío que supón a tendencia de despoboamento que afecta a moitas zonas de Galicia así como outras rexións, o **proxecto RecThink** pon foco na xente nova para implicalos e canalizar un proceso de reflexión sobre as áreas rurais, as súas comunidades e o seu proxecto de futuro. No marco deste proxecto, fórmase a este colectivo para que se convertan en axentes activos nos procesos de transformación social mediante o desenvolvemento de habilidades dixitais.

Doutra banda, tamén existen actuacións especificamente deseñadas para **estimular a compartición de boas prácticas ou casos de éxito**, de forma que se dá visibilidade a experiencias e casos de éxito derivados de solucións de ISD xa desenvoltas.

Toda vez que a maior parte das ideas xorden doutras anteriores ou a partir de novos enfoques sobre experiencias que xa existen, para aproveitar todo o potencial da



intelixencia colectiva é necesario ofrecer á cidadanía aquelas achegas e elementos que enriquezan a súa reflexión.

Neste senso, no ámbito do proxecto CeMIT-Innova, a difusión de información relativa a outras iniciativas que poida resultar inspiradora cara á súa replicación, escalabilidade ou mellora tradúcese na **Guía CeMIT-Innova "Impulsando a Innovación Social Dixital"**. Un documento publicado en 2015 que persegue impulsar a compartición do coñecemento e a experiencia adquiridos polas persoas e entidades involucradas no proxecto CeMIT-

Innova, de forma que poida servir de referencia a outros axentes interesados como fonte de inspiración para a posta en marcha de novas propostas de ISD.





## Democracia aberta

*Favorecer a identificación de ideas ou a adecuación de proxectos e servizos xa existentes para que as administracións públicas, con base nunha maior participación cidadá, sexan capaces de acadar respostas máis satisfactorias ás necesidades e demandas da sociedade.*

# Democracia aberta

Neste eido, a configuración, proposta e identificación de ideas cara ao desenvolvemento de solucións que respondan aos retos sociais emana da sociedade, coa particularidade de que son as administracións públicas as que encauzan o proceso.

Este tipo de iniciativas e actuacións articúlanse en torno ao impulso e reforzo da participación cidadá. Para iso, considerárase por exemplo o desenvolvemento e posta en marcha de **plataformas dixitais que posibiliten unha participación efectiva da cidadanía nos asuntos públicos** favorecendo que as demandas da sociedade sexan consideradas no **proceso de toma de decisións**.

Desta forma, poden empregarse distintas modalidades que permitan ampliar o grao de involucración da cidadanía para a identificación de novas ou melloradas prácticas relativas aos asuntos públicos, como pode ser a denuncia de incidencias, os

buzóns de suxestións para a proposta de melloras (*e-petitioning*) ou os bancos de ideas, entre outras.

Neste plano, iniciativas como a implantación da plataforma **CityJuice** no



Concello de Ribeira, van máis aló dunha canle para a participación permitindo aos se us veciños realizar todo tipo de trámites e xestións municipais nunha contorna dixital.





## City Juice

O concello de Ribeira é un dos casos de éxito de implantación da tecnoloxía City Juice, unha aplicación de orixe galega que ofrece unha contorna dixital onde as persoas poden conectarse e difundir os recursos da súa localidade permitindo a participación cidadá nos asuntos da realidade municipal.

City Juice ofrece un portal web e unha App móbil que permite aos veciños e veciñas participar directamente na administración e os servizos municipais (reserva de instalacións municipais, avisos de recollida de residuos, etc.) así como comunicar incidencias ou danos.

Esta tecnoloxía, foi clave para o nomeamento do concello como “Ciudad de la Ciencia y la Innovación” por parte do Ministerio de Economía y Competitividad. Esta distinción integra a Ribeira na Rede Inpulso, á que pertencen outros 56 municipios españois que apostan por avanzar en políticas locais innovadoras.





## Acceso aberto

*Fomentar a apertura de datos ao público, en formatos que faciliten a súa reutilización, e a transparencia como fonte de ideas e identificación de oportunidades de mellora que poidan favorecer a emersión de novos proxectos de ISD.*

# Acceso aberto

As ferramentas que permiten **facilitar un acceso eficaz e axeitado aos datos** propician que, conxugados coa iniciativa e labor tanto da cidadanía como das organizacións ou empresas, poidan producirse novos achados e a inferir ideas innovadoras que en último termo redunden en beneficios sociais e melloren a calidade de vida da cidadanía a través da resolución dos retos que afronta.

A filosofía na que se asentán as iniciativas englobadas neste eido é o OpenData, que persegue o fomento do libre acceso a certos datos xerados pola propia Administración no exercicio da súa actividade. Datos de gran valor pola súa fiabilidade e calidade, tanto os que non estaban adaptados para ser empregados por terceiros, como os que se atopaban dispersos en formatos que permiten a súa reutilización.

A súa principal finalidade consiste na **xeración de valor para o conxunto da sociedade**, contribuíndo á xeración de ideas orientadas á creación de novos produtos e servizos que dean unha resposta máis eficiente ás súas necesidades. Estas iniciativas fan posible que tanto a propia cidadanía como as empresas participen na proposta de ideas para posibles aplicacións que reutilicen eses datos ou ben tomar parte directamente no seu desenvolvemento.

Para ilustrar este tipo de intervencións cabe sinalar **Abert@s**, o portal Open Data da Xunta de Galicia.



## Portal Abert@s

A Xunta de Galicia puxo en marcha en 2012 o Portal Abert@s e o catálogo de datos abertos, baseados no concepto OpenData co obxectivo de impulsar a apertura de datos en todos os organismos do sector público galego e promover a súa reutilización.

Os devanditos datos constitúen unha abundante fonte de valiosa información: xeográfica, estatística, meteorolóxica, turística, social, económica, etc., aproveitable tanto pola cidadanía como polo sector de contidos dixitais e outros axentes reutilizadores para o desenvolvemento de solucións.

Este portal constitúe un amplo catálogo de información pública en formatos abertos e estándar, que conta con máis de 330 conxuntos de datos dispoñibles, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas, que acumulan máis de 32.300 descargas dende a súa posta en marcha.



A apertura á que fai referencia esta categoría de actuacións debe aplicarse tamén á información relativa á actividade da propia Administración, de feito que se divulgue información sobre o que está a facer, os seus plans de actuación, etc. para que a cidadanía poida apoiarse no coñecemento que adquiren desta forma co obxecto de propoñer ou chegar a ideas que

respondan á realidade concreta de cada territorio. Este enfoque de comunicación continua e transparente obedece ao concepto de Goberno Aberto e ten nas ferramentas dixitais un dos seus principais aliados.

En Galicia, o Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020 contempla medidas para o impulso da liña do goberno aberto

establecendo os procedementos e instrumentos para facelo posible. Unha das iniciativas que xa está en marcha e que converxe coa presente categoría “*Acceso aberto*” é o **Portal**

**de Transparencia e Goberno Aberto** posto en marcha pola Xunta de Galicia.

## Portal de Transparencia e Goberno Aberto


O Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia dá resposta ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e pon a disposición da cidadanía información relativa a distintas temáticas: Participación e Relacións coa cidadanía; Transparencia institucional, organizativa e de planificación; Información de relevancia xurídica; Información económica, orzamentaria e estatística; Información en materia de persoal; e Ordenación do territorio e medio ambiente.

Con máis de 380. 000 páxinas consultadas e máis de 9.700 documentos descargados no 2016, este portal reafirmase como o punto único, directo e centralizado de toda a información que se debe facer pública á cidadanía, de acordo coa normativa básica de transparencia e coa lei galega.



Pola súa banda, o Software Libre ten amosado un importante potencial cara á ISD toda vez que sitúa ao alcance de todos a utilización, adaptación e compartición de software. Neste senso, resulta destacable a **forxa Mancomún**. Trátase dunha iniciativa que nace en 2007 promovida pola Xunta de Galicia a través da Amtega e que pon a disposición de entidades públicas, empresas e particulares unha contorna colaborativa para o desenvolvemento de proxectos de software libre por parte de calquera axente interesado.





## Novas formas de creación

*Deseñar e desenvolver novas iniciativas de ISD baixo enfoques baseados na co-creación, contando coa colaboración da cidadanía, de modo que as solucións resultantes atendan de forma específica ás necesidades da sociedade.*

# Novas formas de creación

Existen unha serie de métodos, que vertebran estas “novas formas de crear” e que se implementan en *hubs* de innovación e en eventos colaborativos como as *Maker Faires*, competicións, *Hackmeetings* ou *Hackerspaces* e apóianse en ferramentas tecnolóxicas e/ou metodoloxías como a prototipación rápida, deseño aberto, desenvolvemento *Lean* ou *DIY*, etc. que dinamizan os procesos de creación de solucións de **ISD**.

En concreto, en Galicia teñen lugar distintas iniciativas que serven de diversas metodoloxías de creatividade ou deseño como parte do desenvolvemento de solucións para resolver os retos sociais; como poden ser a **D3mobile Metrology World League** ou o **Startup Weekend Galicia**.

O primeiro, englobado no ámbito concreto da impresión dixital e organizado pola USC en colaboración coa FECYT, achega a Galicia un campionato pioneiro de modelado 3D de

precisión co móbil no que os participantes aprenden os conceptos e técnicas básicas de modelado 3D a partir de fotografías. Neste caso, a competición actúa como estratexia docente, estimuladora e canal para a resolución de retos sociais.



O segundo caso, promove a metodoloxía *Lean* no territorio galego, reunindo a un grupo altamente motivado de persoas de distintos perfís (desenvolvedores de software, diseñadores gráficos, ...) conformando equipos ao redor dunha idea para convertela en realidade. Entre os participantes, ademais do gañador do evento, elíxese ao mellor proxecto de innovación social.



Doutra banda, como unha oportunidade para activar redes e crear espazos de traballo colaborativo existen actuacións para



impulsar iniciativas que reúnan a usuarios, creadores e emprendedores para o desenvolvemento de novos produtos e servizos dixitais ou programas de aprendizaxe. Este é o caso do **maker@domus**, o espazo da Domus de A Coruña para experimentar a cultura "maker" e que os estudantes máis novos se acheguen e fagan a tecnoloxía por si mesmos.

Outro exemplo, é a **asociación Bricolabs** que, ao estilo doutros *HackerSpaces* e *FabLabs* do mundo, permite aos asistentes ás súas reunións colaborar no deseño, construción e probas de todo tipo de aparellos e *gadgets*, propostos por eles mesmos.

Así mesmo, outra das iniciativas que se consolida en Galicia neste eido é a **Maker Faire Galicia**, orientada a configurar un espazo no que os inventores e creadores *DIY* (*Do-It-Yourself*) e as persoas cunha interese neste campo poidan confluír para exhibir, compartir e desenvolver os seus proxectos, dando visibilidade a estes traballos que a maior parte das veces son invisibles para o gran público.

Ademais, o **Centro de Innovación Social Dixital La Molinera** de Ourense deulle continuidade este ano á difusión do movemento Maker con formación especializada a través do *Outubro Maker*, convidando á cidadanía a aproveitar o extraordinario potencial que as novas tecnoloxías poñen nas súas mans para desenvolver a súa capacidade creativa.

LOGIC



Neste senso, o **proxecto CeMIT-Innova** antes mencionado, contribúe a establecer conexións entre axentes co obxectivo de que colaboren utilizando as tecnoloxías dixitais para co-

## CeMIT-Innova

Ao abeiro desta iniciativa no 2016 puxéronse en marcha 9 novos proxectos piloto e prorrogáronse os 9 proxectos iniciados en 2015 (que implican 18 aulas CeMIT), dotando aos participantes dos recursos e coñecementos necesarios, para o que se realizan talleres de traballo, e contando coa colaboración de distintos axentes do ecosistema dixital así como co acompañamento e asesoramento dun mentor experto en ISD que os apoia.

Algúns destes proxectos resolven retos locais ligados, por exemplo, á educación, saúde ou ao emprego, como é o caso de Re-Orientamos (Oroso). Outra destas iniciativas é INTRO PARA TODOS (Padrón), un prototipo de escritorio adaptado ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual.



crear coñecemento e solucións relativas a unha ampla gama de retos e necesidades sociais.

Noutra orde de actuacións, a compoñente colaborativa desprázase na cadea de valor das fases iniciais de deseño e fabricación á de posta en marcha das mesmas. Trátase polo

tanto de iniciativas para as que a colaboración resulta un elemento irrenunciable de cara á continuidade no tempo e sostibilidade das solucións ISD desenvoltas.

Este é o caso de proxectos e iniciativas baseados en modelos de colaboración en rede, como **PatrimonioGalego**, orientado á construción dun catálogo social en liña dos bens culturais



galegos, ou **Fálame de San Sadurniño**, un proxecto que ao tempo que contribúe á conservación da memoria histórica do concello constitúe unha ferramenta para favorecer o achegamento da cidadanía ás TIC.

## Fálame de San Sadurniño

Fálame de San Sadurniño, nace no 2013 como proxecto colaborativo en rede e pivota sobre a realización de obradoiros nos que os participantes aprenden a dixitalizar e xeolocalizar fotografías. Deste xeito, os participantes adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para desenvolver o proxecto e contribuír así a conformar un espazo vivo e integral da memoria do concello, permitindo á súa conservación e potenciando a súa difusión.

Por este motivo, “Fálame de San Sadurniño” configúrase como un proxecto colectivo dos veciños e veciñas de San Sadurniño que non existiría de non contar coa súa labor e achegas.

Desde que naceu o proxecto en 2013, supéranse as 800 historias publicadas e máis de 250 persoas colaboradoras que achegaron a memoria oral, imaxes ou documentos acadando máis de 100.000 visitas únicas. En 2015 foille concedido o premio europeo ACTing- Axentes Sociais Promotores do Envellecemento Activo a través das TIC recoñecendo o impulso de novos métodos de traballo no campo da inclusión tecnolóxica das persoas maiores.





## Economía colaborativa

*Prestar servicios ou pór en marcha iniciativas de forma colaborativa coa cidadanía, con base na transacción de bens ou servizos, compartición de habilidades, activos, coñecementos ou capital; propiciando a aparición de novos modelos de negocio que contribúan á resolución dos retos sociais.*

# Economía colaborativa

Na súa vertente social, este tipo de iniciativas contribúen a avanzar cara a un uso máis intelixente dos recursos e permite ás persoas satisfacer mellor as súas necesidades ofrecéndolles a posibilidade de acceder a bens e servizos sen ter que compralos e cooperando para optimizar a súa vida útil.

Este enfoque baséase na conformación dunha contorna na que as persoas teñen acceso aos recursos e oportunidades que necesitan para prosperar e na que **o funcionamento baseado na compartición, a colaboración e a apertura pode contribuír á resolución de problemas complexos que afronta a sociedade.**

Abrangue iniciativas que buscan a compartición ou posta en común, por exemplo, de habilidades, coñecementos ou financiamento e que permiten que proxectos de ámbitos moi diversos, incluídas as iniciativas que contribúen á ISD, se materialicen grazas a diferentes tipos de achegas. En moitos

destes casos os donantes móvense unicamente polo seu desexo de apoiar a iniciativa de cambio e mellora social obxecto de financiamento.

Desde o punto de vista do ámbito de negocio ao que atenden, estas iniciativas poden estar especializada en certas temáticas como é o caso da **Plataforma Greenfunding** que configura todo tipo de modelos de colaboración posibilitando que proxectos vinculados a eidos como a agricultura ou a ecoloxía se convertan en realidade.



## Plataforma Greenfunding

Plataforma creada no marco do Proxecto PARNET-TIC 2, liderado pola Deputación de A Coruña e cofinanciado ao abeiro do Programa SUDOE, que se enfoca a proxectos de agricultura, ecoloxía, fomento do emprego e melloras de ámbito social.



Neste caso, o promotor da iniciativa pode publicar a súa idea nesta plataforma creando unha campaña na que se concreta o proxecto a desenvolver e o tipo de apoio requirido para materializala (desde unha achega mínima ata a participación directa na iniciativa como socio, patrocinador, mentor, etc.) e deste xeito atopar persoas interesadas en contribuír.

Ademais, Galicia conta con varias iniciativas que obedecen a unha lóxica de redistribución de recursos infrautilizados para optimizar o seu uso. Trátase de fórmulas que poden implicar unha contraprestación económica ou non (doazóns, trocos, etc.)

Un bo exemplo pode ser a iniciativa **Prestogal Veciñanza**, unha plataforma web que permite aos veciños e veciñas o intercambio de recursos, xa sexa prestando ou cedendo os que teñen en propiedade ou solicitando o préstamo ou cesión.

## Prestogal Veciñanza

A plataforma web Prestogal Veciñanza, posta en marcha polo Concello de Santiago de Compostela e cuxo piloto se iniciou en 2016, busca facilitar o intercambio, préstamo e cesión de recursos entre os veciños e veciñas da cidade contando coa colaboración das asociacións veciñais, que xestionan a web e levan a cabo a captación de usuarios; e establecementos, comercios ou centros socioculturais; que actúan como espazos de

encontro ou depósito dos devanditos recursos (Puntos Prestogal).



Ademais, a propia Área de Políticas Sociais do Concello realiza labores de intermediación con persoas sen recursos no relativo ao programa a través do lanzamento de peticións que poden ser respondidas por veciños e veciñas interesados en colaborar. En definitiva, este proxecto constitúe unha ferramenta que contribúe ao fortalecemento do tecido asociativo e promove a solidariedade entre os veciños e veciñas da cidade.

Doutra banda, atopamos distintas iniciativas con selo galego baseadas no uso compartido de produtos e que operan en ámbitos diversos como:

- *Carpooling* - **Diacamma**.



Ferramenta web lanzada en 2014, que conecta usuarios para compartir coche ou taxi e aspira a que a cidadanía gane en calidade de vida aforrando tempo e diñeiro.

- Paquetería - **Plataforma GOI**.



A primeira plataforma mundial que converte a particulares que viaxan en repartidores de paquetes, posta en marcha en 2016 e que a finais do mesmo ano contaba con 28.000 usuarios.

- Servizos profesionais - **WekAb**.



A primeira plataforma especializada en conectar a formadores e expertos do ámbito da formación para o emprego ou *lifelong learning* coas empresas formadoras.



## Financiamento, aceleración e incubación

*Apoiar proxectos ou ideas de negocio que contribúen á Innovación Social Dixital e mellorar as súas perspectivas de éxito, a través de distintos tipos de recursos (servizos de incubación ou aceleración, financiamento, apoio de carácter non financeiro como o acceso a espazos de coworking,...).*



# Financiamento, aceleración e incubación

Os distintos tipos de apoio que se brindan aos proxectos e solucións de ISD incluídos nesta categoría, permiten **mellorar as posibilidades de que os servizos e solucións resultantes despeguen con garantías de éxito**. Aínda que, a priori, se podería vincular estas actuacións á posta en marcha das mesmas, o certo é que o seu alcance pode abranguer distintas fases; por exemplo, o financiamento para a xestión de ideas, o apoio para o deseño ou construción das solucións, ou mesmo, o soporte ao proceso de desenvolvemento e implementación das mesmas.

En definitiva, a categoría de “*Financiamento, aceleración e incubación*” posúe un marcado carácter transversal xa que este tipo de iniciativas poden acompañar e favorecer ás iniciativas de ISD desde a súa xestión ata unha posterior implantación.

Neste senso, as dinámicas de aceleradoras e incubadoras permiten aos emprendedores aprender como lanzar o seu negocio, como compoñer o seu discurso e convencer aos investidores ademais de achegalos a unha rede de contactos cuxa contribución pode resultar determinante cara ao desenvolvemento dos proxectos de emprendemento.

En concreto, Galicia ten apostado polo impulso dunha contorna favorable para a actividade emprendedora e proba diso é a Rede de Aceleradoras na que a Xunta de Galicia leva investido 12 millóns de euros que teñen permitido apoiar máis de 500 proxectos nos últimos catro anos. Polo tanto, a presenza deste tipo de iniciativas no territorio pode favorecer, axilizar e ofrecer ás iniciativas vinculadas á ISD garantías para o un desenvolvemento exitoso e posterior consolidación.

Neste ámbito, destaca o Centro de emprendemento **Connecting for Good Galicia** que foi ideado cunha clara

especialización no apoio a iniciativas de ISD.

## Connecting for Good Galicia

O programa Connecting for Good Galicia, promovido pola Xunta de Galicia en colaboración con Vodafone no marco do Pacto Dixital de Galicia, está orientado especificamente a apoiar proxectos emprendedores que resolvan algún reto social no ámbito da educación, saúde, participación cidadá, ou calquera dos recollidos na Axenda Dixital de Galicia 2020; valorando especialmente os orientados a persoas con discapacidade e persoas maiores. A súa primeira convocatoria, lanzada en 2016, recibiu máis de 40 candidaturas dos que resultaron seleccionados 6 proxectos, dándolles acceso a un plan de formación de 6 meses, que inclúe sesións sobre modelo e plan de negocio; contando tamén con asesoría experta en temas de comunicación, vendas, negocio e accesibilidade.

Ademais, os participantes acceden a un espazo de coworking durante o desenvolvemento do programa e contan cun patrocinio por valor 2.000€ outorgado pola Xunta de Galicia. Pola súa parte o mellor proxecto de cada convocatoria poderá optar a unha axuda de 25.000€ outorgada por GAIN e un préstamo participativo de ata 25.000€, a través de XesGalicia, para a súa posta en marcha.



Baixo a mesma orientación, o **Impact Hub Vigo** busca dinamizar unha comunidade de profesionais que traballan polo desenvolvemento da ISD, poñendo á disposición dos participantes un espazo que funcione como punto de encontro para as súas ideas e proxectos.



## Impact Hub Vigo



O Impact Hub Vigo é unha comunidade inspirada polo interese en crear un espazo, tanto físico como virtual, que servise como punto de encontro para impulsar oportunidades de co-creación e innovación social. Este espazo combina o mellor dun laboratorio de innovación, unha incubadora de negocios e un espazo de traballo compartido para crear unha contorna única de aprendizaxe, creatividade e oportunidades de colaboración onde facer crecer o impacto social dos proxectos ou empresas que acolle.

Desde Amsterdam a Xoannesburgo, de Singapur a San Francisco, Impact Hub é unha rede global e diversa, con máis de 15.000 membros en 80 lugares do planeta.

Ao mesmo tempo, é frecuente contar entre os emprendementos acelerados ao acubillo doutros proxectos, aínda sen ter especialización sectorial destacable, iniciativas vinculadas ao ámbito social, como pode ser o caso do Centro

de emprendemento **Galicia Open Future (GOF)** ou a aceleradora ViaGalicia.

O primeiro deles é un programa impulsado pola Xunta de Galicia en colaboración con Telefónica, no marco do Pacto Dixital de Galicia, que desde 2014 acolleu 150 iniciativas emprendedoras de base tecnolóxica; entre as que cobran relevancia temáticas como a economía colaborativa e a sostibilidade, a accesibilidade e, en xeral, a innovación social.



Pola súa banda, **ViaGalicia**, **VIA GALICIA** a maior aceleradora de iniciativa pública de España, promovida conxuntamente pola Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, tamén ten incluído no seu Programa de Alto Rendemento iniciativas vinculadas á innovación social dixital.



